



## • OS POSGRAOS

### Como recoñecer un bo posgrao

Un bo máster debe basear os seus contidos en dar unha formación profesional. Se o enfoque é teórico, os estudos non serán útiles porque non servirán aos alumnos para alcanzar o seu obxectivo fundamental, que é conseguir un emprego. O decálogo para saber se un curso de posgrao é bo pasa por dúas fases: hai que contactar co centro, pero tamén comprobar esta información con algúns dos graduados en promocións anteriores.

--Diferenciaremos os **títulos oficiais** dos másters privados. Os oficiais son os regulados polo Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, de acordo coas liñas xerais do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Ver <http://www.guiauniversidades.uji.es/postgrados/index.html>

Os posgraos oficiais caracterízanse por estaren regulados dende o seu proceso de creación, por teren un prezo na liña da ensinanza pública e pola posibilidade de acceder a un doutoramento a través deles.

--Os **privados**, pola súa parte, carecen de valor oficial e son impartidos por universidades privadas ou escolas de negocios. A súa orientación é basicamente profesional. Así pois, o que segue refírese a estes últimos.

### Preguntas ao centro

-A antigüidade é unha garantía. Canto tempo leva o centro impartindo ese programa? Cal é o nivel de ocupación de promocións anteriores?

-Requisitos. Esixe contar con experiencia laboral previa?

-Plan de estudos. Que metodoloxía se vai seguir? Quen impartirá as clases?

-Cal é a duración do programa e como se impartirá?

-Prezo. Ofrecen algún tipo de axudas ou bolsas para o seu financiamento?

-Cales serán as características do alumnado? (idade media, titulacións, procedencia, número de alumnos por clase, entre outros detalles)

-O curso contempla algún período de prácticas ou traballos de investigación? De non ser así, dispón dalgún modelo de convenio con empresas para facer as prácticas pola miña conta?

-Ofrece a posibilidade de realizar parte da formación noutro país?

-Inclúe algún tipo de actividades complementarias?



### Información obtida dos ex alumnos

-Hai que comprobar se o plan de estudos ten un enfoque práctico. Para iso é importante revisar os contidos que se imparten. Os estudos deben ensinar como se fan as cousas, non como son.

-O profesorado é a clave. Non hai que deixarse embaucar polos nomes coñecidos. Hay que cerciorarse de se van impartir clases un tempo mínimo e, polo tanto, significativo.

-Índice de emprego. É importante saber onde e en que condicións están empregados os ex alumnos.

-O barato é sospeitoso. Estes cursos teñen uns gastos de xestión caros. Se a matrícula é demasiado económica adoita ser a costa de incrementar o número de alumnos por profesor.

### Para escoller un bo máster *online*

-Enterarse do formato dos contidos. Documentos en pdf ou papel, se vai haber un campus virtual, con contidos multimedia, conferencias...? Existe a figura do defensor do usuario do e-learning, ao que se poden dirixir se, por exemplo, un profesor non contesta en tres semanas.

-Asegurarse de que existe axilidade e feedback. Para que todo vaia ben, unha pregunta formulada polo alumno ao profesor *online* debe ser respostada en menos de 24 horas.

-Comprobar se está avalado por unha universidade ou institución solvente. E que teña suficiente experiencia *online*. Non abonda con que teña moito prestixio en cursos presenciais.

-Ver o currículo e a experiencia de cada profesor. Isto é importante porque, ao ser *online*, pode ser un bolseiro ou calquera o que fala.

-Falar con alumnos doutros anos para saber a súa opinión.

-Asegurarse de que o informan das súas garantías, dereitos e deberes. Se un ten que interromper o curso (enfermidade, por exemplo) debe saber se terá oportunidade de retomalo.

-Comprobar se pertence a algunha asociación acreditada como ANCES ou Aefol, que teñen creado un selo para recoñecer os cursos *online* de calidade.



## • AS ACADEMIAS: consellos para os estudantes

1. Non atender só á publicidade do curso. Cómpre informarse con anterioridade e de forma detallada sobre o contido, as horas lectivas, o número máximo e mínimo de alumnos e a formación do profesorado. Se despois de informarse non se está convencido da calidade da formación, pódense valorar ofertas alternativas.
2. O contido da publicidade e os folletos informativos do curso son vinculantes se os usuarios necesitan formular unha queixa ou reclamación.
3. Os códigos éticos que deben respectar os asociados dalgunhas organizacións, como a Confederación Española de Centros de Formación e Academias Privadas ou a Federación Española de Centros de Ensinanza de Idiomas, son unha garantía adicional para o estudante. É preferible buscar academias entre os seus membros.
4. As condicións de pago deben ser negociables. Para evitar posibles problemas no caso de que deixe de impartirse o curso, convén optar por unha academia que permita o pago mensual fronte a outra que esixa o pago previo da totalidade do curso.
5. Se o estudante opta polo financiamento xestionado pola academia para abonar o custo da formación, recoméndase que esixa que o contrato de crédito estea vinculado á execución do propio curso. Deste xeito, no caso de que se interrumpa antes de rematar, o crédito non continuaría pendente de pago.
6. Cando opte por unha entidade bancaria, cómpre valorar distintas opcións e estudar as condicións particulares de cada unha para elixir a que máis se axeite aos intereses do alumno.
7. O estudante debe conservar unha copia do contrato firmado e de tódolos documentos, facturas ou recibos vencellados a este.
8. En ocasións, os contratos co centro de formación asínanse nun lugar diferente, como no domicilio do alumno. Se é así, debe recibir o contrato e un documento de revocación que lle permite rematalo nun prazo de sete días sen alegar causa algunha.
9. Se a publicidade ou folleto do curso fan referencia á realización de prácticas ou á incorporación a unha bolsa de emprego, hai que comprobar a súa veracidade e esixir información sobre os acordos coas empresas onde se realicen as prácticas ou a actividade laboral.
10. Verificar se a convocatoria de oposición está vixente nos cursos destinados á preparación das mesmas.